

## **Anexo Programación didáctica 2021-22. Departamento de filosofía**

Cambios normativos na avaliación, promoción e titulación do alumnado<sup>1</sup>. Concrecións curriculares.

Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado. ESO

- Modificación:

Programación didáctica:

*Na área de Filosofía na ESO o proceso de avaliación das aprendizaxes do alumnado é continuo e de carácter formativo. Na avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado non haberá, por tanto, nin temas, nin avaliacións pechadas, nin probas específicas de recuperación/s. **A nota da 3ª avaliación será a nota da avaliación ordinaria.***

Modificación ao abeiro da Orde do 25 de xaneiro de 2022.

**A nota da terceira avaliación é parcial. A cualificación definitiva do alumnado farase efectiva na avaliación final de curso.**

Actividades de recuperación: para o alumnado que, logo de realizada a terceira avaliación parcial, teña sen superar a materia, *-Valores éticos e/ou Filosofía-*, concretaranse as actividades de recuperación precisas atendendo ao informe de avaliación correspondente.

Salvo faltas xustificadas, estas actividades desenvolveranse no centro, no período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final, e deseñaranse atendendo ao grao mínimo de consecución para superar as materias da área de filosofía na ESO.

- Modificación:

Programación didáctica

*Indicar aspectos mellorables, formular respostas alternativas e reforzar positivamente as aprendizaxes das alumnas e alumnos: as correccións/cualificacións das actividades propostas na área de Filosofía na ESO teñen un obxectivo prioritariamente formativo. **En Valores éticos, concretamente, as avaliacións negativas, -tanto nas materias propias do Departamento, como nas Xuntas de avaliación cara a promoción do alumnado-, terán, por tanto, carácter de excepcionalidade.***

Ao abeiro da Orde do 25 de xaneiro de 2022

Indicar aspectos mellorables, formular respostas alternativas e reforzar positivamente as aprendizaxes das alumnas e alumnos: as correccións/cualificacións das actividades propostas na área de Filosofía na ESO teñen un obxectivo prioritariamente formativo.

---

<sup>1</sup> Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

**As avaliacións negativas, tanto nas materias propias do Departamento, como nas Xuntas de avaliación cara a promoción ou titulación do alumnado, terán, por tanto, carácter de excepcionalidade.**

Excepcionalmente, valorarse negativamente a promoción dun alumno ou alumna cando medie un consello orientador que estime que dita promoción non favorecerá a súa evolución académica. Consello orientador, por tanto, que considere máis conveniente propor a titores ou titoras legais, ou á alumna ou ao alumno a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico ou a un programa de diversificación curricular, ou ao primeiro curso dun programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, ou nalgún outro curso en que resulte de aplicación.

#### Crterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado. Bacharelato.

- Modificación:

##### Programación didáctica

*Nos exames de avaliacións sucesivas formularanse cuestións vinculadas ás aprendizaxes desenvolvidas con anterioridade: a avaliación é continua. **Non hai exame final**: a cualificación da 3ª avaliación é a cualificación da avaliación ordinaria.*

##### Ao abeiro da Orde do 25 de xaneiro de 2022

Nos exames de avaliacións sucesivas formularanse cuestións vinculadas ás aprendizaxes desenvolvidas con anterioridade: a avaliación é continua. A cualificación da 3ª avaliación é a cualificación da avaliación final do período ordinario.

**Haberá, así mesmo, un exame final no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo. Exame final que determinará a cualificación do alumnado na avaliación final extraordinaria.**

- Modificación:

##### Título de Bacharel

O Departamento de filosofía é favorable á obtención do título de bacharel por toda alumna ou alumno que, nas circunstancias explícitas na Orde, superase todas as materias agás unha, incluíndo como hipotética materia *sen superar* algunha das materias propias do Departamento.